

SEMANA DA ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

24 - 31
OUTUBRO
2024

AS NOVAS FRONTEIRAS DIXITAIS DA INFORMACIÓN: ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL PARA A INFORMACIÓN DE INTERESE PÚBLICO

Conmemorada anualmente desde 2011, a Semana Mundial da Alfabetización Mediática e Informacional reuniu a partes interesadas de todo o mundo para compartir ideas e explorar formas innovadoras de promover a Alfabetización Mediática e Informacional para todos. O tema deste ano é "As novas fronteiras dixitais da información: Alfabetización mediática e informacional para a información de interese público". Abordará o impacto transformador de tecnologías emergentes como a Intelixencia Artificial Xenerativa e a nova xeración de creadores de contidos dixitais na producción e difusión de información de interese público, destacando tanto as oportunidades como os riscos.

A Semana Mundial da Alfabetización Mediática e Informacional 2024 subliñará a importancia de seguir o ritmo da rápida evolución do panorama dixital e de dotar os usuarios das habilidades necesarias para identificar, avaliar e comprometerse coa información de interese público en liña.



Imaxe:

CEIP Ramón de Valenzuela
(Silleda - Pontevedra)



O dereito básico dos cidadáns e ciudadás europeas á Alfabetización

Toda a cidadanía europea ten dereito á alfabetización. Os estados membros da UE deben asegurar que os cidadáns de todas as idades, independentemente da súa clase social, relixión, etnia ou sexo, contan cos recursos e oportunidades necesarios para desenvolver un nivel de alfabetización suficiente e sostible a fin de comprender e utilizar con eficacia a comunicación escrita, tanto en medios impresos como dixitais.

Que é a AMI? (definición da Unesco)

A alfabetización mediática e informacional (AMI) inclúe un conxunto de competencias para buscar, avaliar criticamente, usar e contribuír de xeito intelixente con información e contido nos medios; coñecementos sobre os dereitos en liña; entender como combater o odio en liña e o acoso cibernético; comprensión dos problemas éticos que arrodean o acceso e o uso da información; e compromiso cos medios e as TIC para promover a igualdade, a libre expresión, o diálogo intercultural / interrelíxioso, a paz etc.

Como celebrar a semana AMI?

Recollemos da UNESCO algunas propostas que poden resultar interesantes:

- Celebrar un día da AMI no centro.
- Organizar eventos relevantes ou actividades no centro educativo arredor dos medios de información e comunicación.
- Usar as redes sociais para crear conciencia sobre AMI na comunidade educativa.
- Tomar a palabra (crear contidos para os medios).
- Dar a coñecer publicacións e iniciativas sobre AMI.

R E C U R S O S

The image shows a collection of QR codes arranged in a grid, each linking to a different resource or publication. The resources include:

- UNESCO's X Concurso de Traballo por Proxecto (with QR code)
- UNESCO's Como Identificar Noticias Falsas (with QR code)
- MILOBS resources (with QR code)
- UNESCO's MILOBS (with QR code)
- UNESCO's Navegando en la Infodemia con AMI (with QR code)
- UNESCO's Guía para el uso de IA generativa en educación e investigación (with QR code)
- Xunta de Galicia logo and Bibliotecas Escolares de Galicia logo (with QR code)